

Nos últimos tempos podemos sinalar a boa saúde do ensaio galego e máis concretamente daquel dedicado á análise da realidade de máis inmediata. Estamos en tempos de crise, non só económica, e é por isto que non ha de resultar estraño este protagonismo xa que se constitúe como ferramenta esencial na configuración dunha análise correcta e moderna da nosa situación como pobo no mundo. Neste lugar é onde debemos situar a obra publicada por Laiovento *De fala a lingua: un proceso inacabado* de Pilar García Negro, unha das voces máis cualificadas da nosa sociolingüística.

Nesta obra da profesora García Negro conflúen dúas correntes ensaísticas de especial relevancia no desenvolvemento máis actual do xénero en Galicia. Dunha banda, a dos traballos dedicados á análise sociolingüística onde tamén podemos inserir estudos como o de Goretta Sanmartín Rei *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Xerais, 2009) ou o volume colectivo *Sobre o racismo lingüístico* (Laiovento, 2009) coordinado pola propia García Negro; e doutra, aqueloutros traballos que son froito da recompilación xornalística como *Un país a medio facer* (Xerais, 2008), última contribución de Fran Alonso a este xénero. De fala a lingua: un proceso inacabado recompila artigos e

estudos realizados entre os anos 2000 e 2008, de forma que a través da súa lectura podemos realizar un repaso do que podemos cualificar como "lugares comúns" da problemática lingüística en Galicia na última década.

O volume recompila cabo de análises de cuestións puntuais de carácter actual outros estudos onde afonda no coñecemento do galeguismo histórico. Amósanos como Ramón Vilar Ponte ou Castelao xa tiñan moi claras as súas ideas en canto á lingua e a súa condición de dereito colectivo supraindividual, posicionamentos cos que nós, tantos anos despois, aínda andamos a dar voltas mentres se produce un día tras doutro unha perda continua de falantes. O primeiro artigo, escrito no ano 2000, titúlase "A quen ofende o idio-

ma a galego?", lamentablemente, nove anos despois podemos ler ese artigo como se estivese escrito onte.

Podemos sinalar como moi positiva e rara avis a presenza no volume do texto de dúas proposicións de lei

relacionadas coa lingua presentadas pola autora na súa condición de parlamentaria do BNG no Parlamento de Galicia nos anos 1983 e 2003, así como tamén a transcripción do debate no Pleno. Resulta moi recomendable a lectura destes apéndices porque é bo que os lectores teñamos acceso

non só ao coñecemento íntegro dos textos legislativos, senón tamén ás intervencións parlamentarias onde ademais de coñecemos os posicionamentos de cadaquén podemos acceder de primeira man ás diferentes xustificacións en que estes se sustentan xa que isto nos pode axudar a comprender por que as cousas son como son e non doutra maneira.

Alén doutros méritos académicos, estes textos de Pilar García Negro, chantados na realidade de sociolingüística máis actual, teñen a virtude de alimentar asemade ese noso dereito á esperanza de vermos algún día a nosa lingua rehabilitada nas súas plenas funcións.

GARCÍA NEGRO, María Pilar, *De fala a lingua: un proceso inacabado*, Ed. Laiovento, Santiago, 2009, PVP18 €

# Un proceso arreo

## Realidade con dereito á esperanza

PILAR PONTE

